

NOVOS FRAGMENTOS DE TEXTOS XURÍDICOS GALEGOS (S. XIV)

ARTHUR L-F. ASKINS

University of California. Berkeley

GEMMA AVENOZA

Universitat de Barcelona

AIDA FERNANDA DIAS

Universidade de Coimbra

JOSÉ IGNACIO PÉREZ PASCUAL

Universidade da Coruña

HARVEY L. SHARRER

University of California. Santa Barbara

Deuse noticia non hai moito tempo da recuperación duns fragmentos extraviados de códices en galego das *Partidas* e tamén da descuberta doutros en portugués antes descoñecidos¹. Froitos do traballo para a *Bibliografía de textos antigos galegos e portugueses (BITAGAP)*², estes achados resultaron do plano de localizar na actualidade e exercer control bibliográfico sobre textos xa publicados hai tempo e de novas pescudas en fondos ata hoxe menos explorados³.

¹ Vid. Aida Fernanda Dias en «As *Partidas* de Afonso X: novos fragmentos em língua portuguesa», *Revista Portuguesa de Filologia*, XX (1994) pp. 91-124 e Gemma Avenoza, «Atopáronse uns pergamiños... O redescubrimento duns fragmentos en galego das *Partidas*», *Romance Philology*, 49:2 (1995), pp. 119-129.

² Vid. a versión provisoria publicada polos investigadores Arthur L-F. Askins, Aida Fernanda Dias, Martha E. Schaffer e Harvey L. Sharrer, editada en formato CD-ROM no disco Admyte 0 (Madrid, Micronet - Fundación V Centenario, Madrid 1994).

³ No mes de xullo de 1996, Harvey Sharrer descubriu na Torre do Tombo de Lisboa restos dun folio de pergamiño do s. xiv redactado en portugués; contén a rúbrica do título III, lei 1 da *Primeira Partida* e unha inicial de tinta coa figura do rei con coroa (Documento sen número na pasta 41 da Colección do Mosteiro de Santa Cruz de Coimbra; BITAGAP CNUM 18845). Esta tradución portuguesa da *Primeira Partida* difire da que ofrece o ms. de Alcobça (ANTT, N.A. 2, transferido o 29 de febreiro de 1996 á Biblioteca Nacional de Lisboa (BITAGAP CNUM 1752); cf. *Primeira Partida*, ed. de José de Azevedo Ferreira, Braga, Instituto Nacional de Investigação Científica, 1980.

Quedaban por rastrexar, sen embargo, outros da mesma índole, estudiados en diversos momentos da historia por críticos interesados pola recuperación de textos medievais galegos. Así que os que asinan a presente nota se reuniron en xuño de 1995 en Santiago de Compostela coa intención de reemprender as pescudas anteriores que fixeran posibles os artigos xa referidos. Andábase na procura de dous textos en particular: un fragmento do *Flos Sanctorum* que publicara en 1916 o P. Atanasio López Fernández⁴ e un fragmento das *Partidas* editado en 1915 polo P. Eladio Oviedo y Arce⁵, ó que se referira en 1986 A. García y García baixo a cota C.D. 780 do Arquivo do Reino de Galicia da Coruña⁶.

Non houbo fortuna no primeiro caso. Non había rastro do fragmento no Convento de San Francisco de Santiago onde morrera o frade en 1947 nin noutras bibliotecas de Santiago; seguiu-se ata A Coruña, á Real Academia Galega, por se deixara alí algún papel nos seus anos de académico, mais tampouco alí se tiña noticia dun fondo procedente de Atanasio López. Aínda había unha oportunidade, sen embargo, no Arquivo do Reino de Galicia, na Coruña, xa que esta institución acolle na actualidade fondos documentais moi diversos e segue a política de adquirir ós herdeiros de antigos estudiosos os papeis dos seus devanceiros. Aínda que non se descubriu alí, nin polo de agora, o paradoiro dos papeis de Atanasio López, a visita proporcionou outras e moi gratas sorpresas, alén de aclarar tamén as dúbidas que quedaban sobre o segundo fragmento —o que se dicía levaba a signatura C.D. 780.

No Arquivo enténdese por C.D. «Colección Diplomática», mais o pergamiño núm. 780 non ten nada que ver co texto das *Partidas* que se estaba a procurar⁷. O Sr. Pedro López Gómez, daquela aínda director do Arquivo, falounos dun grupo de pergamiños sen catalogar, un milleiro máis ou menos, entre os cales podería atoparse o obxecto da

⁴ «Códice en gallego de la *Legenda aurea* o *Flos sanctorum*», *Boletín de la Real Academia Gallega*, XI, (1916) pp. 97-107, 121-132 e 145-147.

⁵ «Fragmentos de un códice galaico-castellano de las *Partidas* (apógrafo del s. XIII)», *Boletín de la Real Academia Gallega*, X, 100 (1915) pp. 73-82.

⁶ «Tradición manuscrita de las *Siete partidas*», en *España y Europa: un pasado jurídico común. Actas I Simposio Internacional del Instituto de Derecho Común*, Murcia, Universidad, 1986, pp. 655-699.

⁷ Trátase dun documento con data 23 de marzo de 1531. É un «Fuero de una viña, una leira y unas heredades en Nogueira, hecho por Alfonso de la Mela y sus hermanos a favor de María de Nogaria. Fue fecha y otorgada a veynte e tres días del mes de março ano de mill e quinientos e treynta e hun anos. Perg. orig. 150 x 180 mm. Cortesana, gallego» segundo os datos extraídos do catálogo mecanografiado da colección de pergamiños. A Coruña, sen data nin indicacións de autor, agás as da Institución: Arquivo do Reino de Galicia.

nosa procura; decidiuse intentar examinar algúns deses fondos nesa mesma mañá e establecer un plano de traballo para completa-la revisión do fondo máis adiante.

Askins, Dias e Sharrer voltaron á Real Academia Galega para ultima-los traballos que quedaran pendentes, mentres no Arquivo ficaban Avenzoa e Pérez Pascual cos pergamiños. Trouxéronse algunhas caixas, e ó pouco tempo voltou o director cunha máis, na que se gardaban fragmentos de códices sen catalogar, que pensou poderían ter un maior interese que non os pergamiños.

Cal non foi a nosa sorpresa cando ó abri-las carpetas un dos fragmentos resultou ser un folio dunha ignorada versión galega do *Ordenamiento de Alcalá*; unha anotación da man de Antonio Gil Merino, que fora hai anos director da Institución, ofrecía a identificación do códice. O segundo fragmento era precisamente o testemuño das *Partidas* que se buscaba; tiña anotado dúas veces (unha en lapis e outra nunha etiqueta pequena, como as que usan os libeiros de vello para anota-los prezos) C.D. 780. Despois de controla-lo texto, e completa-la súa descrición, seguiu-se coa carpeta, e aínda saíron de alí outras mostras de prosa galega das que non se tiña noticia; tratábase dos restos dun bifolio de pergamiño moi deteriorado cuns textos de xurisdicción eclesiástica.

Contabamos xa, polo tanto, con tres interesantísimos fragmentos nas mans, cando chegaron a profesora Carmen Parrilla e o Director do Arquivo cun grande volume da Real Audiencia. Hai tempo que Pedro López Gómez atopara no seu interior un folio de pergamiño, cosido como cuberta dun prego menor —intercalado entre os folios do volume—, e advertira que se trataba dun texto legal en galego, pero non o puidera identificar. Tratábase dun novo e descoñecido anaco das *Partidas* de Afonso o Sabio, que representaba o cuarto dos fragmentos que naquela mañá de finais de xuño se descubrían no Arquivo.

Características codicolóxicas dos fragmentos

Convén agora precisa-los datos e ofrecer unha descrición pormenorizada destes catro fragmentos de pergamiño.

1.- *Ordenamento de Alcalá* leis 66-71 (Títulos 30 e 31).

1 fol. en pergamiño co verso moi deteriorado; dimensións 310 x 220 mm. Texto cubrindo case toda a superficie útil, cunha caixa de 260 x 180 mm; 39 liñas f. 1^o, 38 liñas f. 1^o. Rúbricas e iniciais en vermello, algunhas de 4 unidades de pauta de alto, letra gótica cursiva.

Non se aprecia ben o modo de trazo da pauta; semella a do tipo 13 de Derolez⁸, feita a punta seca. Cópia da segunda metade do século XIV ou primeiros anos do século XV.

Signatura actual: ARG. Colección de Pergamiños, caixa 12, núm. 1. *BITAGAP* CNUM 18622⁹.

INCIPIT: 1^a Ley .lxv^o. De como pidirom a el rrey os fillosdalgo *que* les tirase o *ordinamento que fezo en Burgos e que se podese desafiarse...*

EXPLICIT: 1^a Ley .lxviii. Se alguñ fidalgo tomar algña cousa *por forza* como pode seer da saf[i]jado. Outrossy se alguñ fidalgo ffor de huñ lugar a outro do mora outro fidalgo ou [...], ou s\w/a moller, sua madre, et tomar ou prender algña cousa y *por* [...] desafiado por ello, salvo se o *que* esto fezer ffor meyrño del rrey ou...

Fragmento localizado por D. Antonio Gil Merino e identificado por el como versión galega do *Ordenamiento de Alcalá* (1348) de Afonso XI. Consultado o Prof. Jerry Craddock (University of California, Berkeley) —a quen agradecemos as súas atentas observacións—, precisou títulos e capítulos e indicou que: «this translation belongs to the group of Mss. that lacked the division into titles, apparently carried out under Pedro I, in his authorized version of 1351»¹⁰, data das Cortes de Valladolid que serviría como termo *ad quem* para a tradución da nosa versión¹¹.

2.- Partida primeira (Título V, leis 48 a 53).

1 fol. en pergamiño en moi bo estado, agás unha rotura na marxe exterior dereita; dimensións 310 x 220 mm (aprox.). Texto a dúas columnas, con caixas: (30 + 75.15.75 + 25) x (21 + 245 + 44) mm; 51 liñas por columna. Rúbricas en vermello, calderóns e capitais en vermello e azul; as capitais teñen tres unidades de pauta de altura, toques de cor vermella nalgunhas iniciais interiores do texto. Caixas a punta seca ou mina de chumbo eliminada despois por borrado; é moi difícil distinguir restos do pautado que responde, segundo parece, ó esquema

⁸ Albert Derolez, *Codicologie des manuscrits en écriture humanistique sur parchemin*, 2 vols. Turnhout, Brepols 1984; aínda que se ocupa de manuscritos posteriores á data dos presentados neste traballo, remitimos ó libro de Derolez pola comodidade da referencia ós seus esquemas.

⁹ Para este e para os demais fragmentos ofrecemos o número de referencia (CNUM) de *BITAGAP*.

¹⁰ Comunicación particular.

¹¹ Información que se pode completar co traballo de G. Avenzoza «Las leyes y los pueblos: textos legislativos en gallego a finales de la Edad Media», en *Valoración del estudio de las fuentes históricas, jurídicas y literarias hispanas ante el siglo XXI* (Barcelona, junio de 1996) (no prelo).

43 de Derolez (*op. cit.*). No centro da marxe superior vese o resto dun numeral en vermello (seguramente o *I*), e a mutilación da marxe impide ver no verso do folio a letra *P* de *Partida*. Letra gótica. Gardábase nunha carpeta onde se anotou con lapis: «Fragmento de un códice de 'Las Partidas' en gallego século XIV C.D. 780»¹². Permaneceu moito tempo dobrado polo medio e a dobra impide ler unha liña. No verso aprécianse tamén algunhas anotacións a pluma e probas de escritura. Na primeira columna do verso lense mal a maior parte das liñas da metade superior, sobre todo na súa marxe exterior; a segunda columna lese moito mellor. Datado polo Arquivo na primeira metade do século XIV.

Signatura actual: ARG. Colección de Pergamiños, caixa 12, núm. 2. *BITAGAP* CNUM 1796.

INCIPIT: 1^{ra} Ley xlviii. Como el predicador pode a las vezes castigar asperamente, pero cõ mesura e nõ con vanagloria, a los que sermonarẽ. Castigar pode el predicador a las vezes asperamẽte en su predicaciõ; pero devẽlo fazer cõ mesura...

EXPLICIT: 1^{vb} Et esto mostra a seus discipulos por darlles a entender que nõ avia el dito porque devessẽ los...

Fragmento editado por Eladio Oviedo y Arce (*op. cit.*).

3.- *Partida terceira* Título II (leis 19 a 26).

1 fol. en pergamiño en moi bo estado de conservación; dimensións actuais 282 x 202 mm (o folio foi recortado nas súas marxes superior e esquerda). Texto a dúas columnas. Pódese reconstruí-lo tamaño da caixa 256 x 182 mm, e o da columna: 1^{ra}: 256 x 83 mm (1^{ra}, 1^{va} e 1^{vb} 53 liñas, 1th 54 lín.). Caixas a mina de chumbo; responden, segundo parece, ó esquema 43 de Derolez (*op. cit.*), pero teñen tamén una liña vertical trazada no medio do espacio intercolumnar (= 8/8 mm). Rúbricas en vermello, calderóns en azul e vermello; as capitais teñen dúas unidades de pauta de altura, toques de cor vermella nalgunhas iniciais interiores do texto. Letra gótica, mediados do século XIV. Nas marxes do verso advértense restos de anotacións con letra cortesá, algunhas raiadas.

Signatura actual: ARG. Colección de Pergamiños, caixa 12, núm. 3. *BITAGAP* CNUM 18623. Olim, Real Audiencia, Legajo 7762, núm. 1. O folio estaba dobrado no interior, seguía ó f. 710 e facía de cuberta dos folios 711 a 716 (dobrados en cuarto). Foi extraído do volume pola restauradora do Centro para facilita-la nosa investigación.

¹² Na mesma carpetaña hai una transcripción mecanoscrita do texto con algunhas notas a lapis e a identificación errónea do texto como *Partida segunda*.

INCIPIT: 1^{ra} demandando de entregarlle aquela cousa, e demays peytarlle o daño *que provar que avẽo* en ella por sua culpa ou por seu engaño...

EXPLICIT: 1^{vb} Outrossi dizemos *que se alguno quisesse demãdar* villa ou castello ou aldea ou outro lugar sinalado, *que avonda que diga que demanda aquel lugar* dizendo sinaladamente *qual cõ todos seus tirmiños e cõ todas...*

Consérvanse outros fragmentos desta *Terceira partida*; un dos editados coincide parcialmente co texto agora descuberto, aínda que só nunhas poucas liñas, concretamente no texto da lei 22 e no principio da lei 23¹³; segundo Craddock «this is the first conclusive evidence I know of that more than one Galician translation was independently made of the *Partidas*, since a quick check suggests that neither Oviedo y Arce's fragment nor this one presuppose a codex description»¹⁴.

4.- *Textos de lexislación eclesiástica.*

2 ff. (restos dun bifolio) en moi mal estado; dimensións 250 x 175 mm aprox. Caixas: (25 + 190 + 40) x (24 + 137 + 29) mm. Calderóns e rúbricas en tinta vermella (un engadido do folio 1^v tamén en cor vermella); responde ó esquema 4 de liñas marxinais de Derolez (*op. cit.* pauta destinada a recoller texto, e mais glosa marxinal), coa primeira liña en branco, polo que parece 30 ou 31 liñas. Caixas a pluma; nada se pode dicir da marxe superior, que non se pode ver. Letra cursiva de fins do século xiv ou comezos do xv. Probablemente se trata do bifolio exterior dun caderno, polo que non existe continuidade entre o texto do folio 1 e o do folio 2. Damos, xa que logo, o incipit e o explicit de ámbolos dous textos.

Signatura actual: Colección de Pergamiños, caixa 12, núm. 4. *BI-TAGAP* CNUM 18624 e 18675.

TEXTO A: (Precisións sobre lexislación eclesiástica)

INCIPIT: 1^r rrenũciã seu [...] deryto *por* la coste de seu [...] se [...]prode [...] nos *que* estes [...] desto fazedores et *que* de [...]mõyo *por* los autores

EXPLICIT: 1^v Se estes taes p[or] alguũ clerigo ou rreligioso ou moesteyro ou igreja [reçebe amento]

¹³ E. Oviedo y Arce, «Cuatro fragmentos de distintos códices gallegos de las *Partidas* de Alfonso el Sabio», *Colección Diplomática Galicia Histórica*, 1 (1901) pp. 103-135, esp. pp. 106-108.

¹⁴ Comunicación particular.

TEXTO B: (Texto sobre a simonía)

INCIPIT: 2^r [...] coussa [...] ssan Paulo *que* ss[...] coussa syñal he os [...] *primeyros* doens dou *Deus* aos *profetas* [...] et fazer miragres e dar a *quen* el tev [...] por ben [...] et molleres de *quen* se el pagar *quen* ta [...] tomasse *dineiros* ou algo *temporal* ss[...]

EXPLICIT: 2^r¹⁵ Este don *spiritual* destas quatro cousas de vertudes he de *Deus*, que El da a *aqueles* en *quen* acha *humildade* et a *quen* el ten por bem. [f. 2^v] [...] *Outrosy* [...] *vertudes* he para [...] o *spiritu* santo [...] alma...¹⁶

Problemas de identificación do Fragmento 4

Os restos do bifolio descrito como fragmento 4 probablemente corresponden, como xa sinalamos, a dous textos diferentes. Mentres o primeiro (f. 1, que chamamos *Texto A*) se ocupa fundamentalmente da normativa acerca dos enterros dos cregos e comeza a informarnos un pouco máis adiante das relacións económiccas dos eclesiásticos coas vilas, colexios, etc.; o segundo (f. 2, que denominamos *Texto B*) abrangue un comentario ó problema da simonía con alusións ás orixes deste termo a través do relato da lenda de Simón o Mago e da historia bíblica de Naamán.

Texto A

Pensouse nun primeiro momento que se trataba dunha constitución conciliar. De feito, no texto emprégase explicitamente este termo: f. 1^v l. 11-12: «contra esta *constituyçõ*», mais o texto non coincide con ningún dos publicados por A. García y García no seu *Synodicon Hispanum*¹⁷. Revisáronse de forma sistemática coleccións lexislativas portuguesas e castelás, a documentación publicada da chancelaría portuguesa, libros de diversas colexiatas¹⁸, e mesmo consultouse ó

¹⁵ Dámo-lo explicit do recto, por esta-lo recto en mal estado.

¹⁶ O resto do folio é de difícil lectura.

¹⁷ Ed. crítica dirixida por A. García y García. Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos, 1981-.

¹⁸ Cf. *Cortes portuguesas. Reinado de D. Afonso IV (1325-1357)*, Lisboa, Inst. Nacional de Investigación Científica, 1982; *Cortes portuguesas. Reinado de D. Fernando I (1367-1383)* 2 vols., Lisboa, Inst. Nacional de Investigación Científica, 1990-1993; *Cortes portuguesas. Reinado de D. Pedro I (1357-1367)*, Lisboa, Inst. Nacional de Investigación Científica, 1986; *Cortes de los antiguos reinos de León y Castilla, publicadas por la Real Academia de la Historia*, Madrid, Rivadeneira, 8 vols. 1861-; *Chancelarias portuguesas de D. Afonso IV*, 3 vols., Lisboa, Centro de Estudos Históricos da

Prof. A. García y García, quen nunha amable carta de novembro de 1995 confirmou cómo estes fragmentos non forman parte de ningún dos sínodos por el publicados, aínda que «alguno de sus conceptos aparezca en alguno de Orense y de Tuy, de lo cual sólo se sigue que se basan en las mismas fuentes del derecho canónico común de entonces». Na *BITAGAP* figuran 52 textos de constitucións sinodais en galego e en portugués —algúns aínda sen editar— e ningún deles se corresponde co texto manuscrito do Arquivo do Reino de Galicia.

Comeza falando de enterros —en sintonía co disposto na *Primeira Partida* título xii, lei v¹⁹, pero precísase o termo de «dez dias»—,

Universidade Nova, 1990-1992; *Chancelarias portuguesas. D. Pedro I (1357-1367)*, Lisboa, Inst. Nacional de Investigación Científica, 1984 e, entre outros, os Mss. 2, 9-23, 636-637, 639, 679-681, 686, 692-699 e 700-705 da Biblioteca Geral da Universidade de Coimbra, que abranguen o ámbito cronolóxico entre 1211 e 1490 (versan sobre capitulos xerais, capítulos de cortes, chancelerías, cartas rexias, alegacións, sentencias, estatutos, cartularios de conventos, de colexiatas e da Universidade). Unha actualización dos coñecementos sobre as primeiras Cortes peninsulares recóllese en *Las Cortes de Castilla y León en la Edad Media. Actas de la Primera Etapa del Congreso Científico sobre la Historia de las Cortes de Castilla y León (Burgos 1986)* 2 vols., Valladolid, Cortes de Castilla y León, 1988, especialmente a través do exposto por Carlos Estepa Díez, «Curia y Cortes en el Reino de León», vol. 1, pp. 23-103, Julio Valdeón Barque «Las Cortes de Castilla y León en tiempos de Pedro I y de los primeros Trastámaras», vol. 1, pp. 183-217 e José Luis Martín, «Cortes de Castilla y León y Cortes de Portugal», vol. 2, pp. 379-438 onde se subliña a perda de documentación referente ás primeiras cortes lusitanas. Nas de 1331 (Santarém) discútese entre os agravios, o tema do cobro do *portagem* (Art. 3^o), mais non coincide co noso texto.

¹⁹ Alfonso X El Sabio. *Primera partida*, ed. Francisco Ramos Bossini, Granada, Caja General de Ahorros, 1984, pp. 292-293: «Ley v^a En cuál iglesia se deue cada uno soterrar. Soterrar deuen cada un omme en el cimiterio daquela iglesia o era parochiano e do oye las oras quando era uiuo e donde los sacramentos recibia. Pero si alguno quisiessse scoger su sepultura en otro cimenterio, assí como en iglesia cathedral o en monesterio o allí do iazie su linage o en otro cimenterio qualquiere, puédelo fazer ffuearas ende si lo fiziesse por // falagos de algunos quel fiziessen engañosamente que se soterrasse en su iglesia o si lo fiziesse por malquerencia de los clérigos onde era parochiano o por desprecio dellos o si non dexasse alguna cosa a su iglesia. Ca si alguno contra esto fiziesse et se mandasse soterrar en otro cimenterio faziendolo por alguna destas quatro razones sobredichas, pueden los clérigos daquela iglesia onde fuera parochiano demandar el cuerpo con todos los derechos que fueron dados con él por la sepultura. Et si por auentura escogiesse sepultura en otro logar non lo faziendo por ninguna destas quatro maneras, si dexasse a la iglesia onde era parochiano alguna cosa, deue auer aun demás desto que dexó la tercera parte o la quarta o la meytat, segúnt la costumbre que fuere usada en aquel obispado o en aquella tierra o uiuiere de lo que mandó a aquella iglesia o escogió la sepultura e de lo que ouiesse mandado a otras iglesias o monesterios o órdenes qualesquiere que fuessen. Et si non ouiesse en aquella tierra costumbre cierta cuánto deuiessen tomar, deuen tomar la quarta parte e ninguno non se deue escusar que la non de, maguer diga que non auie costumbre de dar ninguna cosa por esta razón. Otras yglesias y a que non an derecho de recibir los muertos para darles sepultura assí como las capiellas que fazen los ommes en sus casas, también los de las órdenes como los otros en sus castiellos o en otros logares estrechos en

discútese o dereito que teñen as persoas de escolle-lo lugar do seu enterramento, e ameázase coa pena de interdicción. Ocúpase despois do tema dos «portazgos» ou «peagês», que institucións monásticas, cregos ou igrexas tiñan que pagar, polo paso de mercadorías, ás vilas, colexios ou universidades. Remata tratando sobre o alugueiro das casas a usureiros por parte dos concellos, das vilas ou das universidades.

O texto seméllase moito a outros contemporáneos; a súa estrutura é similar á dos Capítulos do Clero das Cortes de Elvas de 1361, por exemplo²⁰. De feito, o máis próximo ó do Arquivo do Reino de Galicia, atopouno Aida F. Dias, nun manuscrito onde se le: «os presentes [...] soterramentos dos passados [...] mandassem con seus corpos e por sas falhas a essa igreja [...] pitanças [...] se morrer fora e o alo soterrarem [...] se o adusserem passado dalgur pera a dicta villa [...]», pero o que se segue fica completamente afastado do texto do noso pergamiño²¹. Por outro lado, noutro manuscrito fálanse de *cazos*: «estes som os cazos que poem a Degreetaes, em que a Eygreja nom valha aos que se lançam em ella» e «Aqui som quatro cazos» e séguense os casos en latín, e despois once artigos sobre o tema, tamén en latín; o noso fragmento fala de «casos», mais para outros asuntos²².

Certamente garda semellanzas con moitos outros textos de lexislación eclesiástica, e se comparamos o desenvolvemento da exposición dos temas coa que figura nas leis correspondentes (v. g. as *Partidas*), advírtese que ninguén lexisla en primeira persoa, nin tampouco en nome dunha colectividade, senón que fai referencia a unha disposición xa existente, como se estivese a recoller toda unha serie de puntos escuros dun ordenamento anterior que necesitase precisións ou aclaracións.

Recapitulando: se non é ningunha das disposicións legais coñecidas, nin un capítulo de cortes, nin pertence a un sínodo, nin é parte

que non otorgaron los obispos que ouiesse ciminterios; ca en tales logares como estos non deuen soterrar a ninguno, ffueras ende si lo fiziessen por mandamiento de los obispos; et si alguno contra esto fiziessse, mandándose soterrar en tales logares como éstos, el obispo o otro qualquiere prelado a quien pertenesce, puede mandar que el cuerpo // daquel muerto sea sacado daquela sepultura e soterrado en el ciminterio daquella iglesia onde era parochiano e donde recibió los sacramentos de Sancta Iglesia en su uida et que den con él todas las offrendas e las cosas que recibieron por razón de la sepultura».

²⁰ Outro texto con estrutura semellante encóntrase no Ms. 694 (Biblioteca Geral da Universidade de Coimbra: *Cortes de Évora de 1391*, pp. 206-209), cando se refire a diversos artigos sobre os cales se fan explicacións.

²¹ Ms. 636 da Biblioteca Geral da Universidade de Coimbra, *Extractos dos Estatutos antigos da Colegiada de San Pedro de Coimbra [...] Era de 1386* ff. 229-230^v.

²² Ms. 681 da Biblioteca Geral da Universidade de Coimbra, *Livro de Leis e Posturas*, ff. 274^v, 275^r-275^v e ss.

dun foro, ¿que é, en realidade, este texto? Quizás sexa parte dunha constitución episcopal perdida.

Fóra das disposicións legais contidas en leis, constitucións sinodais ou episcopais e foros, existiron outros textos de tipo legal, cunha estrutura moi próxima á do fragmento. Trátase das glosas ós textos legais e dos cadernos de cortes, e tamén dos acordos de cortes que rectifican aspectos particulares da aplicación dalgunha lei. Neste caso, é posible que entrasen en conflito disposicións episcopais coas dos concellos, e neste caderno, facendo referencia a elas, se propoñía a súa harmonización. Desafortunadamente, moito deste material permanece aínda inédito, e iso no mellor dos casos, xa que boa parte destes textos, concibidos para unha existencia efémera —borradores de traballo, documentos temporais, destinados a desaparecer unha vez incorporados ás leis— se perderon. Para o ámbito castelán dispoñemos dun bo traballo de identificación e inventario destas fontes, o publicado por Joseph F. O'Callaghan²³, mais non temos noticia de traballos semellantes realizados para o ámbito galego nin para o portugués.

Texto B

Tampouco é doado identifica-lo *Texto B*. É curioso notar que a asociación de ideas de dous escritores eclesiásticos franceses do século XII, Alain de Lille e Richard de St. Victor, se plasma nun texto galego sobre o pecado da simonía, aínda que non hai motivo para pensar que o autor do noso texto coñecese directamente a obra dos dous teólogos franceses.

Unha sección do *Texto B* (liñas 9-17) deriva do capítulo 5 do Libro segundo dos *Reis*, onde se narra, dun xeito máis extenso, a historia da curación do leproso Naamán e a avaricia de Guejací. Baseándose nos versículos 26-27 deste capítulo, Alain de Lille, nunha breve pasaxe sobre a lepra, no seu *Liber in distinctionibus dictionum theologicalium*²⁴, equipara a enfermidade de Naamán que se contaxia a Gieci coa simonía²⁵, e ese pecado, mencionado varias veces polo seu

²³ «Catálogo de los cuadernos de las Cortes de Castilla y León (1252-1348)» *Anuario de Historia del Derecho Español*, LXII (1992) pp. 501-531, onde o autor explica cómo, previamente ás asembleas, se preparaba unha serie de documentos, recollidos en cadernos que despois a corte, a asemblea ou el-Rei tiña que sancionar.

²⁴ J.-P. Migne, *Patrologiae cursus completus, seu bibliotheca universalis, integra, uniformis, commoda, oeconomica, omnium ss. Patrum, doctorum scriptorumque ecclesiasticorum sive latinorum sive graecorum* Paris, Garnier Frates, 1856-. *Patrologia latina* CCX, 835.

²⁵ Saul Nathaniel Brody, *The Disease of the Soul. Leprosy in Medieval Literature*, Ithaca-London, Cornell University Press, 1974, p. 128.

nome, será o tema dun comentario ou glosa sobre o texto bíblico nas liñas 18-22. Unha figura do Novo Testamento que representa a simonía é Simón o Mago. A súa historia e condenación por san Pedro, narrada nos *Feitos dos Apóstolos*, 8: 9-25, resúmese a partir da liña 22. Richard de St. Victor, na súa obra *Allegoriae in Vetus Testamentum*²⁶, recoñece os paralelos entre as historias de Gieci e Simón o Mago, este do Novo Testamento e aquel do Antigo, e sinala que as dúas figuras pensaban que as cousas sagradas se podían comprar e vender²⁷. Evidentemente, o autor no noso fragmento quería recalca-la mesma comparación entre a «nova lei» e a «vella lei» con resumos e comentarios sobre os dous casos exemplares do pecado da simonía.

Así tamén sucede na *Primeira Partida* (título xviii, lei i e ii)²⁸, mais non existe correspondencia exacta entre os dous textos, que po-

²⁶ *Patrologia latina* CLXXV, 720.

²⁷ Brody, *op. cit.* pp. 128-129, onde se corrixe a atribución do texto a Hugo de St. Victor (mestre de Richard de St. Victor), por parte do Padre Migne.

²⁸ *Vid. ed. cit.*, pp. 329-331: «De la simonía en que caen los omnes. Persiguieron e escodriñaron siempre con grant semencia los sanctos padres también en la Vieia Ley como en la Nueva, los pecados que los omnes fazen. Et esto fizieron porque después que lo sopiessen pudiessen reprender dellos e castigar a los que pecassen, de guissa que los fiziessen ende partir porque fiziessen buena uida en este mundo e saluassen las almas en el otro e diessen buen exemplo a los que uniessen después dellos. Et como quiere que los pecados son de muchas guissas e de muchas maneras, unos ay mayores que otros, e de aquellos más grandes es uno dellos simonía, porque se fazen en las cosas spirituales, ca en él caen también clérigos como legos. Et pues que en el Título ante deste fablamos de los beneficios que an los clérigos en la iglesia, e por razón dellos caen los omnes en la simonía mas que por otra cosa. E por esto conuiene falar en este Título della, et mostrar primeramente qué cosa es simonía et dónde tomó este nombre, et en cuántas maneras se faze, et qué pena deue auer el que la faze et quién puede dispensar con él.

Ley primera. Qué cosa es simonía e cuántas maneras son dellas. De las cosas spirituales en que puede seyer ffecha.

Caen en pecado de simonía los omes queriendo uenir con muy grant uoluntat por soberuia e cobdicia que an raygada en los coragones de comprar o de uender cosa spiritual o otra cosa que sea yuntada a ella. Et simonía tomó este nombre de Simón Mago, que fué un encantador que era en tiempo de los apóstoles e fué bautizado de San Phelipe en Samaria. Et este quando uido que los apóstoles ponien las manos sobre los enfermos e recibien por ende sanidat, ouo cobdicia de auer aquel poder e uino a Sant Peydro e a San Iohan e dixoles quel diessen este poder, que aquellos a quien él pudiesse la mano, que recibiesse el Spiritu Sancto e que les daría auer por ende. Et esto fizo él cuidando que lo fazían con sabiduría e porque pudiessen ganar algo de los omnes e non por Spiritu Sancto. Et quando uido Sant Peydro que la su entención era tan mala, dixo que su auer que fuesse en perdición con él, ca non merecía auer tal cosa como esta, que non era su coragón firme en Dios, pues que las cosas temporales apreciava a las spirituales. Et por esta razón fué tomado este nombre de Simón Mago, porque este fué primero en la Ley Nueva de Nuestro Señor Ihesu Christo que quiso comprar la gracia del Spiritu Sancto. Onde todos aquellos que compran cosa spiritual caen en este pecado de simonía e son llamados simoniacos. Et las cosas spirituales son de

den depender dunha tradición común anterior, aínda que é posible que o texto das *Partidas* sexa a base desta pasaxe, xa que na obra afonsina se dá a mesma información a pesar da alteración da orde e a distinta extensión dos textos.

Moitos anos despois atopamos na tradición ibérica unha nova fución das dúas historias, a de Simón o Mago e a de Naamán, como exemplo da avaricia ou, máis concretamente, da simonía, no *Valerio de las historias escolásticas de España* de Diego Rodríguez de Almela, no seu libro IX, título 4, capítulo 3, aínda que faltan os comentarios sobre a simonía do fragmento galego²⁹. Un pouco antes, atópase unha mención ás relacións entre san Pedro e Simón o Mago, nun sermón de Vicent Ferrer, mais sen facer referencia nin á simonía nin á historia de Naamán³⁰.

tres maneras: La primera es Spiritu Sancto e las gracias que recibe omme dél, assi como prophetar las cosas que an de uenir; et esta ouieron los prophetas e los sanctos e otros muchos ommes, et gracia de fazer miraglos e de sanar enfermos et de sacar los demonios de los ommes, et dándoles otrossí Spiritu Sancto, poniendo las manos sobre ellos, assí como fazian los apóstoles e fazen aun los obispos e los missacantanos que tienen sus logares».

²⁹ No texto de Rodríguez de Almela lese: «Naaman principe del Rey de siria seyendo leproso fue captiua vna judia la qual fue dada en seruicio a la muger de naaman. sabiendo ella que naaman era leproso dixo a su señora si mi señor fuese a samaria al propheta que ay esta el le sanaria dela lepra luego naaman se fue para samaria con mucho oro/ & plata con cartas del rey de siria para el rey de ysrrael que le fiziese curar de la lepra. El qual como vio las cartas penso que lo fazia a fin dele temptar/ & dixo rasgadas sus vestiduras. como so yo dios que puedo sanar de lepra. sopo lo el propheta heliseo / & embio dezir al rey por que rasgaste tus vestiduras venga a mi. E sepa que ay propheta en ysrrael quele sanara. venido naaman a la puerta de heliseo embio dezir heliseo que se lauase siete vezes en el Rio jordan/ & seria sano. naaman dubdo. dixieronle sus sieruos. si grand cosa te ouiese dicho el propheta que fizieses deurias lo fazer. quanto mas pequeña. Por ende faz lo que te dixo / & fizolo. & fue sano. boluio naaman a helyseo/ & dixole non ay otro dios si non el tuyo / & fuese .giezi criado de helyseo fue en pos de naaman mouido con cobdicia por que le diese algo. pues su señor le auia sanado. & dixole que heliseo le enbiaua por que dos fijos de prophetas eran venidos a su casa que le diese dos vestiduras / & dineros / & diogelo. sopollo por spiritu de dios heliseo/ & dixo a giezi donde vienes giezi tomaste dinero de naaman para ser Rico. la lepra de naaman sera sobre ti / & sobre tu simiente para siempre & asi fue antigua mente los que rescebian algo por la cosa spiritual eran llamados giezitas porque este rescibio don por la cosa spiritual. despues que ximon mago quiso tomar / & daua pecunia a sant pedro por que le vendiese la gracia que el tenia. dixole sant pedro. tu pecunia sea con tigo en perdicion por que quisiste comprar el don de dios. E asi fue que en Roma murio mala muerte que le lleuauan los diablos enel ayre / & se hizo piecas. Agora llamanse symonia cos tan bien los que por los beneficios/ o cosas sprituales dan / o toman dineros 7 & acabaran mal como estos acabaron», ed. facsimil y estudio de Juan Torres Fontes, Murcia, Real Academia Alfonso X el Sabio, 1994, p. 312.

³⁰ «e veus que hun dia hun encantador que s appellave Simon Magus, fahye moltes sortilleries, que quan algú perdie alguna cosa anave a ell, en tant que quasi tots anaven a ell e lexaven Déu. No s deu fer, mas dir axí: «Senyor, tal cosa he perduda;

A maiores, o desenvolvemento do tema de Simón o Mago lévanos ás recentes investigacións do Prof. Alberto Ferreiro e ó seu traballo de próxima aparición *Simon Magus in the Early Christian and Medieval Tradition*; nunha comunicación do Prof. Ferreiro ó Prof. Sharrer, indicou cómo se ocupa expresamente do tema desde as súas orixes na patrística ata á fin da Idade Media, aínda que non dispón de moito material de procedencia ibérica, e que a formulación da lenda, nos termos do manuscrito do Arquivo do Reino de Galicia, supón unha contribución moi interesante, e un punto descoñecida, da historia, aínda que nós a detectamos xa nas *Partidas* (vid. *supra*).

Caracterización lingüística dos textos

Entre os editores de textos antigos galegos e portugueses semella unha das preocupacións máis acuciantes precisar se estes se redactaron a unha ou a outra beira do Miño. É certo que, xa desde o traballo de Rübecamp sobre as *Cantigas de Santa Maria*, se vén aceptando a existencia duns fenómenos tipicamente galegos e doutros máis característicos da área portuguesa. Agora ben, resulta francamente difícil determinar se un texto medieval corresponde a un ou outro lado do que hoxe é a fronteira entre dous estados.

No desexo de establecer fronteiras lingüísticas claras e conclusivas entre estas dúas variedades lingüísticas na Idade Media, recórrese a feitos meramente gráficos (as grafías *lh* e *nh* para representa-los fo-

Senyor, d'ací avant vós sabeu qui·u té; Senyor, e metet-li e·l cor que m'o torn, e salvará la sua ànima, e yo hauré ço del meu». No·u fahyen axi aquells, mas anaven a aquell. E veus que sent Pere, vehent lo gran peccat, anà a la ciutat on ere aquell encantador Simon Magus, e dehyen·li Anthiochia, e, finalment, sent Pere preycave contra ell, e gità'l de la ciutat per ço com sent Pere fehyen miracles, e anà-sse'n a Roma; més que d'ací a Roma. ¡Oo, quins treballs prenne per la honor de Déu! E veus que aquell anà al emperador, e per les encantacions que fahye tantes, l'emperador Neró pres-lo axi com Déus, e sent Pere preycave contra aquell, e finalment, per la vida que vehyen e los miracles que fahye, lo poble conexie que aquell ere encantador. E aquell vingué .i. dia a sent Pere, ascí davant lo poble, e dix-li: «Tu preyques contra mi; ara yo vull mostrar que só fill de Déu». E veus que ab los seus encantaments que fahye, féu venir los dimonis, e dix-los: «Prenent-me per los braços e llevat-me en alt per l'ayre, e lo poble qui veura açò dirá que yo só fill de Déu»; e axi fón, e los dimonis, invisibles, portaven-lo per l'ayre. E sent Pere vehye los dimonis, e dix-los mas primerament féu oració a Jesuchrist en son cor, dient: «He, Senyor! E mostrat-hi miracle per honor vostra, per tal que·s convertesque lo poble»; e manà als dimonis, dient: «Yo vos man, per mérit de la santa passió de jesuchrist, que vosaltres que·l lexets anar baix». E los dimonis, forçats, tantost lo lexaren, e caygué en terra, e partí-li's lo cap per mig e morí, e l'ànima anà amb .C.^m dimonis». Sant Vicent Ferrer, *Sermons*, vol. II. Ed. de Josep Sanchis Sivera, Barcelona, Barcino, 1934, p. 50.

nemas palatais son estrañas no territorio galego) ou léxicos (a forma *palavra* en portugués, fronte a máis frecuente en galego *paravoa*)³¹. Se na actualidade se tratase dun único país, probablemente veríamos neses testemuños tan só a posible indicación dunha determinada variedade dialectal; non obstante, estase a enfocar como se fose un feito de enorme envergadura, cando tampoco resulta doado no dominio castelán precisar se un determinado documento medieval procede de Burgos, de Palencia ou de Madrid.

A mellor tradición filolóxica optou polo camiño da prudencia e así, por exemplo, Carolina Michaëlis sinala que dá o nome de galego-portugueses: «a todos os textos escritos na linguagem comum falada e escrita nos séculos XIII e XIV na faixa ocidental da Península, aquí e alí do Minho, con divergencias muito pequenas, tão pequenas que não convém estebelecer divisões»³². Nesta mesma liña de prudencia moveuse Diego Catalán, quen, ó falar da *Crónica de Acenheiro*, engade en nota que «no es de creer que Acenheiro tuviese una cultura filológica tal como para determinar si un texto de la primera mitad del s. XIV era 'gallego' o 'portugués', cuando filólogos modernos de la talla de Carolina Michaëlis, J. Leite de Vasconcelos o L. F. Lindley Cintra han vacilado en la atribución de varios textos arcaicos a una u otra variedad de la lengua gallego-portuguesa»³³.

Diante desta situación, Cintra incide na necesidade dun estudio sistemático dos documentos medievais, que permitise «dar solución definitiva a este tipo de problemas»³⁴. Na actualidade dispoñemos dun

³¹ Cf. Rudolf Rübencamp, «A linguagem das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X, o Sábio», *Boletim de Filologia*, I (1932-1933), pp. 272-356, Jorge de Moraes-Barbosa, «La langue de la *Chronique de Castille* (ms. 8817 de la bibliothèque Nationale de Madrid) nas *Actas IX Congreso Internacional de Linguística Românica*. Vol. II = *Boletim de Filologia*, XIX (1960), pp. 151-158; *La traducción gallega de la Crónica general y de la Crónica de Castilla*, ed. Ramón Lorenzo, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», 1975, esp. pp. xxviii-xxxv; *Crónica troyana*, ed. Ramón Lorenzo, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985, pp. 82-167.

³² Carolina Michaëlis de Vasconcelos, *Lições de filologia portuguesa*, Lisboa, Dinalivro (s.d. 1912), p. 333.

³³ *Crónica de 1344*, ed. de Diego Catalán, Madrid, Gredos, 1971, p. xxxviii. Noutro lugar, facendo explicitamente referencia á traducción da *Crónica de Castilla*, aínda puntualiza que a influencia da historiografía afonsina se manifesta inicialmente na «traducción al gallego-portugués de algunos textos cronísticos de la escuela castellana. Aunque es dudoso si estas traducciones son portuguesas o gallegas y si se hicieron en el reino de Portugal o en el de Castilla y León» (*vid. tamén p. xlv*), cf. R. Lorenzo 1975, *op. cit.*, pp. xix-xxv.

³⁴ *Crónica geral de 1344*, ed. de Luis Filipe Lindley Cintra, Lisboa, Academia Portuguesa da História, 1951, vol. I, p. cccxxvii; unha idea semellante expresa R. Lorenzo, «Gallego y portugués. Algunas semejanzas y diferencias», en *Filologia y diáctica hispánica. Homenaje al prof. Hans-Karl Schneider*, Hamburg, Helmut Buske, 1975, esp. p. 157.

volume que responde, en boa medida, ó desexo de Cintra; tratase, é evidente, da *História do galego-português* de Clarinda de Azevedo Maia³⁵. Alí, partindo dun amplo corpus documental, preténdese determinar ata que punto «divergiam as variedades idiomáticas faladas a norte e a sul do Minho, quer durante o período de relativa unidade lingüística, de que pode considerar-se como termo os meados do século XIV, quer nos séculos seguintes, em que [...] se acentuam as divergências [...] acabando por constituir dúas línguas suficientemente diferenciadas, [...] mas, ao mesmo tempo, estreitamente aparentadas»³⁶.

O certo é que as conclusións do traballo son claras e a investigadora portuguesa pode afirmar que «não só em relação a língua das composições trovadorescas, mas também a textos escritos doutra natureza, como são, por exemplo, os documentos notariais, se aplica a designação de galego-português. Pode falar-se, realmente, de uma comunidade lingüística no Noroeste de Portugal e na Galiza, o que, naturalmente, não implica uma unidade total, uma total uniformidade na língua das dúas regiões. O esencial, porém, é que, se está em presenza do mesmo sistema lingüístico, embora ocorram algunhas diferenzas, não esenciais, não só entre a zona galega e a portuguesa, mas também no interior de cada una das áreas. [...] De qualquer forma, parece não poder contestar-se a existência, durante o período medieval, sobretudo durante os séculos XIII e XIV, de uma comunidade lingüística, de uma unidade lingüística fundamental, em toda a vasta zona do Noroeste peninsular que se estendia desde o Douro até ao mar Cantábrico»³⁷.

O detallado esforzo da profesora Maia permite acollernos a este concepto de *comunidade galego-portuguesa* durante o período medieval, e designa-los nosos textos como «galego-portugueses», por máis que os fragmentos das *Partidas* ou do *Ordenamento de Alcalá* fosen preparados, sen dúbida, para uns receptores galegos, mentres non temos ese mesma seguridade polo que fai referencia ó último bifolio.

Polo que respecta ós distintos fragmentos do Arquivo do Reino de Galicia, presentan diferenzas evidentes desde unha perspectiva lingüística.

Ordenamento de Alcalá. Non podemos resaltar especiais marcas na versión do *Ordenamento de Alcalá*, que se axusta ós moldes do galego da época (como algún caso de artigo *lo: por los*). Se cadra podemos chama-la atención sobre algún caso — polo demais nada inu-

³⁵ Coimbra, INIC, 1986.

³⁶ *Ibid.*, pp. 886-887.

³⁷ *Ibid.*, pp. 889-891.

sual na prosa galego-portuguesa— no que o grafema *g* representa a fricativa palatal sonora /ʒ/ (*prigon, pelegas*), ou sobre exemplos que poden apuntar á perda da diferenca entre sibilantes xordas e sonoras en territorio galego (*podese, podese*). O mesmo que sucede en moitos outros textos, podemos observar tamén unha grande vacilación á hora de representa-las palatais nasal e lateral e a nasal en posición implosiva³⁸.

Terceira Partida. Deixando a un lado problemas simplemente gráficos³⁹, como a utilización do grafema *ll* para a lateral /l/, moi corrente nos textos medievais (*ella, aquilo*), ou o emprego da grafía *l*- probablemente co valor da lateral palatal /l/ (*que la*)⁴⁰, podemos chama-la atención sobre a aparición neste texto galego das formas do artigo e pronome *lo(s), la(s)*. Nalgún caso estas grafías poderían ser aceptadas como arcaísmos, resultado da conservación das antigas formas con *l*- por motivos de fonética sintáctica (cando a palabra anterior remata en *-s*: *todalas, -r: porlo*, ou nasal: *non la*)⁴¹; non obstante, noutros moitos exemplos (*mostre la, ponendola...*) a súa aparición (e mesmo a ocasional presenza da variante *el*) semella obedecer a unha simple contaminación do castelán, idioma desde o que se está a realiza-la versión galega (*el demandado* vs. *o demandado, el preito* vs. *o preito*, etc.). Tamén parece o trasfondo castelán do texto o causante da presenza de formas verbais como *ganarie* ou *tenie* explicables naquela lingua⁴², mais non en galego nin en portugués.

Primeira Partida. Se no caso do fragmento da *Terceira Partida* os descoidos do copista-tradutor son relativamente poucos, moi diferente é a situación do fragmento da *Primeira Partida*. O responsable desta versión, extremadamente descoidado, tenta trasladar ó galego un texto que estaba á súa disposición en castelán. Utiliza formas galegas nas que as vocais medias tónicas latinas non mostran ditongación (*morde, morte, torto, pode, corpo, cegos, fossen, medo...*), pero ó seu lado figuran formas ditongadas que deixan ve-la orixe castelá do texto

³⁸ Non imos incidir nas representacións gráficas da palatalidade, normais neste tipo de textos: *tenna, enalleada, camoo* (aínda que esta última forma non deixa de presentar interese, pois Maia non a documenta en Galicia a partir de 1315 e si en Portugal; *vid. Maia*, p. 600).

³⁹ Estaría fóra de lugar insistir no léxico poliformismo que se produce nos documentos redactados ó norte do Miño, faltos dunha norma unificadora; tampouco é preciso aludir á forte castellanización que se observa, moi especialmente naqueles documentos que, como algún dos que hoxe nos ocupan, son produto dunha tradución desde o castelán.

⁴⁰ *Vid. Maia*, pp. 494-500.

⁴¹ *Vid. Maia*, pp. 646-648.

⁴² *Vid. Paul M. Lloyd, Del latín al español*, Madrid, Gredos, 1993, pp. 574-579.

(*rruegue, viene, cielo...*); mesmo aparecen a pouca distancia *mola* e *muola*. Móstrase algo máis coidadoso con respecto ó tratamento dos ditongos decrecentes, que adoita conservar ó xeito galego (*outro, ou, leygos, dereyto, maneyra, queyra...*), coa presenza de vocais nasalizadas (*bõa, algũa...*) ou coas formas do posesivo (*seu(s), sua(s)*, aínda que tamén aparece *su*), pero non é quen de evitar castelanismos evidentes como *yo, mio* ou *Dios*, e mesmo chega a alterna-la voz *cuello* con *pescoço*. Tampouco pode evita-la aparición abondosísima das formas do artigo *lo(s), la(s)* e *el* ou a forma verbal *salie*. Observamos tamén algún caso de confusión entre os grafemas que corresponden ás sibilantes africadas (*justiza, justiça*).

